



Expte 512/14.
Asunto: CONTA XERAL MAIV 2024

INFORME-PROPOSTA

Unha vez formada a **Conta Xeral da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo (MAIV)**, correspondente ao Orzamento do **ano 2024**, e ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse ao Presidente da MAIV render a mesma, que se compón dos seguintes estados:

- Balance
- Conta do resultado económico-patrimonial
- Liquidación do orzamento
- Estado de cambios no Patrimonio Neto
- Estado de fluxos de efectivo
- Memoria, co desglose que establece a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.

A Conta Xeral acompáñase:

- Memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos
- Memoria demostrativa do grao de cumprimento dos obxectivos programados (artigo 211 TRLRFL)

A Concelleira Delegada (P.D. 21/07/2023), na data da sinatura dixital
Patricia Rodríguez Calviño

En cumprimento do previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, unha vez formada a **Conta Xeral da MAIV do ano 2024, RESOLVO:**

- a) Render a Conta Xeral do ano 2024 da Mancomunidad do Área Intermunicipal de Vigo, composta polos estados relacionados na proposta precedente.
- b) Someter a Conta Xeral ao ditame da Comisión Especial de Contas e aos requisitos e trámites que esixe o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Vigo, a data da sinatura dixital
O Presidente da MAIV. Abel R. Caballero Álvarez
Dou fe, A Secretaria da MAIV, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 1 de 1
512-14	CSV: AHAB86-27A3E8-865DDB-TNEH4W-55KELT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



INTERVENCIÓN

Exp 512/14

**CONTA XERAL DA MANCOMUNIDADE O AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.
EXERCICIO 2024**

NORMATIVA REGULADORA

TRAMITACIÓN

COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA DA CONTA XERAL

1. Organización e Actividade
 - 1.1) Poboación oficial e outros datos de carácter socioeconómico
 - 1.2) Norma de creación da entidade
 - 1.3) Actividade principal da Entidade
 - 1.4) Principais fontes de ingresos, e no seu caso taxas e prezos públicos percibidos
 - 1.5) Consideración fiscal
 - 1.6) Estructura organizativa básica nos seus niveis político e administrativo
 - 1.7) Número medio de empregados no exercicio
 - 1.8) Identificación, no seu caso, da entidade ou entidades propietarias e porcentaxe de participación
 - 1.9) Entidades do grupo
2. Xestión Indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración
3. Bases de presentación das contas
 - 3.1) Imaxe fiel
 - a) Requisitos de información
 - b) Principios, criterios contables aplicados
 - c) Principios contables non aplicados por interferir no obxectivo da imaxe fiel
 - d) Principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos
 - 3.2) Comparación da información
 - a) Explicación das causas que impiden a comparación das contas anuais coas do exercicio precedente
 - b) Explicación da adaptación de contías do exercicio precedente
 - 3.3) Razóns e incidencia nas contas anuais dos cambios de criterio na contabilización



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 1 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 3.4) Información sobre os cambios en estimacións contables
- 4. Normas de recoñecemento e valoración
 - 4.1) Inmovilizado Material
 - 4.2) Patrimonio Municipal do Solo
 - 4.3) Inwestimentos inmobiliarios
 - 4.4) Inmovilizado inmaterial
 - 4.5) Arrendamentos financeiros
 - 4.6) Permutas
 - 4.7) Activos e Pasivos financeiros
 - 4.8) Coberturas Contables
 - 4.9) Existencias
 - 4.10) Activos construídos o adquiridos para outras entidades
 - 4.11) Transaccións en moeda estranxeira
 - 4.12) Ingresos e gastos
 - 4.13) Provisións e continxencias
 - 4.14) Transferencias e subvencións
 - 4.15) Actividades conxuntas
 - 4.16) Activos en estado de venta
- 5. Inmovilizado material
 - 5.1. Modelo de custe
 - 5.2. Modelo de revalorización
- 6. Patrimonio Público do Solo
- 7. Inwestimentos inmobiliarios
- 8. Inmovilizado intanxible
- 9. Arrendamentos financeiros
- 10.- Activos financeiros
- 11.- Pasivos financeiros
 - 11.1. Situación e movementos das débedas
 - 11.2. Liñas de crédito
 - 11.3. Información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de interese
 - 11.4. Auaes e garantías concedidas
 - 11.5. Outra información
- 12.Coberturas contables
- 13.- Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias
- 14.- Moeda estranxeira
- 15.-Transferencias e Subvencións recibidas
 - 15.1. - Recibidas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 2 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 15.2. - Concedidas
- 16 Provisións e continxencias
- 17.- Información sobre o medio ambiente
- 18.- Activos en Estado de Venta
- 19. Información da conta do resultado económico patrimonial por actividades
- 20.- Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos
- 21.- Operacións non orzamentarias de tesourería
- 22.- Contratación administrativa
- 23.- Valores recibidos en depósito
- 24.- Información orzamentaria
 - 24.1. - Exercicio corrente
 - 24.1.1. Orzamento de gastos
 - 24.1.2. Orzamento de ingresos
 - a) Proceso de xestión
 - b) Devolucións de ingreso
 - c) Compromisos de ingresos
 - 24.2. - Exercicios pechados
 - 24.2.1. - Obrigas de orzamentos pechados.
 - 24.2.2. - Dereitos a cobrar de orzamentos pechados
 - 24.2.3. - Variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores
 - 24.3. - Exercicios posteriores
 - 24.4. - Execución de proxectos de gastos
 - 24.5. - Gastos con financiamento afectado
 - 24.6. - Remanente de Tesourería
 - 24.7. Acredores por operacións devengadas
- 25.- Indicadores
 - 25.1. - Indicadores financeiros e patrimoniais
 - 25.2. - Indicadores orzamentarios
- 26.- Información sobre o custe das actividades
- 27.- Indicadores de xestión
- 28.- Acontecementos posteriores ao peche
- 29.- Aspectos derivados da transición ao 2015
- 30.- Estado de Conciliación Bancaria
- 31.- Balance de comprobación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 3 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MEMORIA CONTA XERAL 2024
ENTIDADE LOCAL MANCOMUNIDADE DA AREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Ao obxecto de dar cumprimento ao regulamentado nas Regras 44 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, fórmase a Conta Xeral da Entidade Local correspondente ao ano 2024.

NORMATIVA REGULADORA

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: artigos 208-212 (Conta Xeral), artigos 191-193 (Liquidación de Orzamento)
- Regulamento orzamentario (RP), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (BOE núm. 101, de 27 de abril de 1.990; corrección de erros en BOE núm. 136, de 7 de xuño de 1.990): artigos 89-105 (Liquidación de Orzamentos).
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, (IMNCL), que contén como anexo o Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, modelo normal, modificada por Orde HAC/1364/2018, de 12 de decembro de 2018 e por Orde HAC/836/2021 de 9 de xullo.
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

TRAMITACIÓN

Os artigos 208, 209 e 212 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, así como as Regras 49 e ss. da IMNCL, regulan os diferentes prazos da tramitación da Conta Xeral:

Rendición de estados e contas: En cumprimento do previsto no artigo 212.1 do TRLRFL, o Presidente da entidade renderá a conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Contas, expoñerase ao público por un prazo de 15 días durante os cales, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións. Examinados estas pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 4 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos antes do día 1 de outubro.

Sometida a Conta Xeral aos trámites anteriores, e unha vez que o Pleno se pronuncie sobre a Conta Xeral, aprobándoa ou rechazandoa, o presidente da corporación a rendirá ao Tribunal de Contas e ao Órgano Fiscalizador Externo que corresponda antes do 15 de outubro. A remisión farase tendo en conta o acordo do Tribunal de Contas de 26 de novembro de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da dita Conta; acordo que foi publicado por Resolución de 2 de decembro de 2015 (BOE nº 295 de 10 de decembro de 2015).

Os documentos que integran as contas anuais a conforman o Balance, a Conta do resultado Económico-Patrimonial, o Estado de cambios no Patrimonio Neto, o Estado de fluxos de efectivo, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios. Estes estados conforman unha unidade e deben ser redactados con claridade e amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial, e da execución do orzamento de conformidade con Plan de Contas.

COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA DA CONTA XERAL.

A Mancomunidade do Area Intermunicipal de Vigo, presenta a súa Conta Xeral co seguinte detalle previsto no artigo 209.2 do TRLRHL, aprobado polo RDL 2/2004 e na Regra 45 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, (IMNCL). Contido da Conta Xeral:

- Balance.
- Conta do Resultado económico-patrimonial.
- Estado de cambios no Patrimonio Neto
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de Liquidación do Orzamento.
- Memoria
- Documentación complementaria:
 - As Actas de arqueo das existencias en caixa referidas a fin de exercicio.

Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos ao final do exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria. En caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, achegarase o oportuno estado conciliatorio, autorizado polo Interventor ou órgano da entidade que teña atribuída a función de contabilidade.

A HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, regula a estrutura e contido da memoria, os distintos documentos que a conforman, así como aqueles sobre os que resulta necesario un comentario ou explicación dos cambios que se produciron ao longo do exercicio económico.

A memoria que conforma a Conta Xeral ten como finalidade completar, ampliar e comentar a información contida no Balance, na Conta do Resultado Económico Patrimonial, no Estado de cambios no Patrimonio Neto, no Estado de fluxos de efectivo e no Estado de liquidación.

A estrutura da memoria está desenvolvida en 31 apartados e dará resposta a cada un dos apartados que solicita a rendición telemática.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 5 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Organización e Actividade

1.1) Poboación oficial e outros datos de carácter socioeconómico

Actualmente a MAIV está integrada por 8 concellos: Gondomar, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior, Mos e Vigo.

A poboación da MAIV no ano 2024 é de 374.861 habitantes, repartida nun territorio dunha superficie total de 482,90 km2, tal como se reflicte no seguinte cadro:

	MAIV	Galicia
Nº Concellos	8	314
Superficie km ²	482,90	29.574,40
Poboación 2024 (*)	374.861 hab.	2.703.353 hab.

(*) Datos aprobados no Real Decreto 1210/2024, de 28 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2024.

Nº de habitantes de cada un dos concellos da Mancomunidade de Vigo:

Concello	Poboación total (*)	% con respecto ao total da área
Fornelos de Montes	1.637	0,44%
Gondomar	15.103	4,03%
Mos	15.152	4,04%
Pazos de Borbén	3.002	0,80%
Redondela	28.976	7,73%
Salceda de Caselas	9.430	2,52%
Soutomaior	7.584	2,02%
Vigo	293.977	78,42%
TOTAL MAIV	374.861	

(*) Datos aprobados no Real Decreto 1210/2024, de 28 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2024

Dentro do territorio da Mancomunidade, a distribución da poboación presenta unha gran heteroxeneidade na que observa que o concello de Vigo é o centro demográfico deste espazo, contabilizando, para o ano 2024, un total de 293.977 habitantes, o que representa mais do 78% da poboación total da MAIV.

1.2) Norma de creación da entidade

A MAIV e unha entidade local supramunicipal ou intermunicipal con personalidade xurídica propia, constituída no ano 1992, sendo os seus vixentes estatutos os publicados no Boletín Oficial de Pontevedra de data 17 e abril de 1997.

A Mancomunidade de Municipios da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), creouse no ano 1992, compúñase dos municipios de Baiona, Fomelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo.

Causaron baixa voluntaria no ano 2012 os concellos de Baiona e Nigrán, e no ano 2014 os concellos de O Porriño e de Salvaterra de Miño.



Os seus órganos de goberno son o Pleno: constituído polos Srs. Concelleiros, e a Comisión de Goberno: conformada por todos os Alcaldes e o Presidente.

1.3) Actividade principal da Entidade

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, configúrase como unha **entidade local de carácter supramunicipal** destinada a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia, conforme establece o art. 44.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local. De conformidade co art. 44.2 da citada lei, dita entidade ten plena personalidade xurídica para cumprir os seus fins e réxese polos seus propios estatutos.

Os obxectivos principais da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo son:

- Procurar o desenvolvemento xeral e harmónico de todos os concellos que a integran.
- Sumar esforzos co fin de prestar aos cidadáns un maior número de servizos e de mellor calidade.
- Reducir diferenzas sociais e económicas entre territorios limítrofes.
- Buscar solucións conxuntas para os problemas que son comúns aos concellos.
- Mellorar a calidade de vida e o benestar dos seus habitantes.
- Impulsar o desenvolvemento integral e sostido da área.

E as súas liñas de acción principais, para acadar ditos obxectivos, concrétnanse nas seguintes áreas de actuación:

- Promoción económica, emprego e formación.
- Dinamización sociocultural e do patrimonio.
- Medio ambiente e recursos naturais.
- Actividade turística.
- Servizos públicos e infraestruturas
- Xestión interna

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo xestiona varios proxectos, a través dos propios fondos e tamén a través de subvencións recibidas doutras entidades. Detállanse a continuación os proxectos ou actuacións levadas a cabo ao longo do ano 2024.

PROXECTOS OU ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS POLA MAIV DURANTE O ANO 2024

· **Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE)**

A finais do ano 1995 a Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, a través do primeiro Módulo de Promoción e Desenvolvemento creado neste organismo, pon en funcionamento o Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE). No ano 1999 este servizo pasa desenvolverse de xeito estable e independente e crease unha rede de asesoramento, coordinada pola Responsable do Servizo de promoción económica e empresarial, na que colaboran tamén os concellos da Mancomunidade que contan coa figura do axente de emprego e desenvolvemento local. Dentro da propia MAIV, este servizo estivo integrado durante o ano 2024 pola Responsable do mesmo e polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. Os custos da contratación deste segundo posto son cofinanciados mediante unha subvención da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

O SAE defínese como un servizo personalizado, público e gratuíto de apoio á creación de empresas na Área Intermunicipal de Vigo que proporciona axuda técnica, información, formación e asesoramento para que as ideas dos emprendedores se concreten en proxectos empresariais viables.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 7 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os obxectivos perseguidos polo SAE son:

- Fomentar a creación de empresas, reducindo as dificultades administrativas, legais e técnicas coas que se enfrontan os emprendedores.
- Impulsar o autoemprego como saída laboral.
- Promover o espírito empresarial e motivar para a busca de oportunidades de negocio.
- Apoiar a consolidación de pequenas empresas na área de Vigo e arredores.

Resumen de resultados SAE durante o ano 2024:

Resultados do SAE durante o ano 2024	TOTAL
Total consultas atendidas en 2024	1.706
Novos proxectos empresariais asesorados 2024	266
Empresas constituídas co apoio do SAE en 2024	96
Postos de traballo xerados polas novas empresas	112
Información e asesoramento a empresas xa constituídas	204
Subvencións 2024 tramitadas	130
Importe total concedido de subvencións presentadas para persoas emprendedoras (euros)	568.055 €

Os traballos de asesoramento realizados durante o ano 2024 recollense na Memoria xustificativa do custo do rendemento dos servizos públicos no ano 2024 que acompaña a presente Conta Xeral do ano 2024.

Programa de emprego “MAIV GARANTIA XUVENIL 2023”

O 2 de outubro de 2023 púxose en marcha o Programa de emprego denominado “MAIV GARANTIA XUVENIL 2023”, un programa mixto de emprego e formación que contou cunha subvención da Consellería de Emprego e Igualdade a través do Fondo Social Europeo por importe de 424.836,96 euros, para a mellora das opcións profesionais das persoas mozas desempregadas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Este programa tivo unha duración de 1 ano, polo que tivo a súa continuidade no ano 2024, rematando o 1 de outubro e desenvolvendo o groso dos seus traballos nesta anualidade.

A finalidade deste Programa de emprego era a de mellorar a empregabilidade das persoas participantes, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Participaron no mesmo un total de 16 persoas mozas menores de 30 anos (11 mulleres e 5 homes), que se formaron en dúas especialidades (8 persoas en cada especialidade):

- Deseño gráfico e produtos multimedia
- Creación de empresas no ámbito do medio ambiente e o turismo.

Ao mesmo tempo que recibiron a formación adquiriron unha experiencia profesional (nalgúns casos a súa primeira experiencia laboral) realizando obras e prestando servizos relacionados con cada especialidade, xa que o alumnado-traballador é contratado pola entidade mediante un contrato de formación en alternancia.

O programa supuxo ademais a creación de emprego para outras 4 persoas máis, entre persoal directivo e docente.

No ano 2023 o proxecto centrouse en gran medida na formación teórico-práctica. Durante o ano **2024**, o proxecto centrouse en gran medida, ademais de continuar cunha parte de formación, en realizar a obra prevista no proxecto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 8 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Os traballos realizados durante o ano 2024 recollense na Memoria xustificativa do custo do rendemento dos servizos públicos no ano 2024 que acompaña a presente Conta Xeral do ano 2024.

Programa de emprego “MAIV GARANTIA XUVENIL 2024”

Concibido para dar continuidade aos traballos realizados polo Programa de emprego “MAIV GARANTIA XUVENIL 2023”, o Programa de emprego “MAIV GARANTIA XUVENIL 2024” é tamén un programa mixto de emprego e formación que conta cunha subvención da Consellería de Traballo, Comercio e Emigración, a través do Fondo Social Europeo, por importe de 438.603,20 euros, que ten por obxecto a mellora das opcións profesionais das persoas mozas desempregadas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Unha vez máis a finalidade deste Programa de emprego é mellorar a ocupabilidade das persoas participantes, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo. Participan no mesmo un total de 16 persoas mozas menores de 30 anos (12 mulleres e 4 homes), formándose en dúas especialidades:

- Deseño gráfico e multimedia, con 8 alumnos traballadores
- Xestión e dinamización de empresas, con 8 alumnos traballadores

Este proxecto púxose en marcha o 15 de outubro de 2024 e desenvolverase durante un ano compe ata a súa data de remate o 14 de outubro de 2025. Supuxo ademais a creación de emprego para outras 4 persoas máis, entre persoal directivo e docente.

Como se apuntou anteriormente, os 16 alumnos/as traballadores participantes fórmanse nos correspondentes certificados de profesionalidade (cada especialidade inclúe a certificación en dous certificados de profesionalidade) ao mesmo tempo que adquiren experiencia profesional realizando obras e prestando servizos relacionados con cada especialidade.

Para poñer en práctica os contidos formativos que se imparten e xa dentro do rol de traballadores, a Mancomunidade deseñou para o Programa de emprego “MAIV GARANTIA XUVENIL 2024”, un plan de traballo para cada unha das especialidades, que é o seguinte:

Especialidade de Deseño gráfico. Prácticas e obras:

- Análise de actividades e iniciativas de deseño gráfico e multimedia.
- Revisión e actualización do deseño e a imaxe gráfica dos portais e webs da Mancomunidade.
- Realización de traballos de deseño gráfico para a Mancomunidade de Vigo ou para os concellos da Mancomunidade.
- Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores da MAIV, en materia de deseño gráfico, prestando inclusive asesoramento especializado nesta materia directamente aos proxectos empresarias.
- Creación de proxectos audiovisuais multimedia de calidade para os sitios web e redes sociais da MAIV e dos concellos que a compoñen.
- Creación de contidos para os produtos multimedia e para redes sociais.
- Establecer estratexias de comunicación e difusión dos diferentes proxectos.

Especialidade de xestión e dinamización de empresas. Prácticas e obras:

- Elaboración de estudos de necesidades municipais dos concellos da Maiv no ámbito da creación de empresas.
- Deseño, posta en marcha e dinamización de proxectos de desenvolvemento local e de apoio ao tecido empresarial local (comercio local, microempresas).
- Creación e desenvolvemento de contidos de utilidade para o Servizo de Asesoramento a Emprendedores e os AEDLs do territorio.
- Apoio ao Servizo de Asesoramento a Emprendedores da MAIV na elaboración de proxectos e plans para emprendedores e pequenas empresas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 9 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Creación de contidos para o SAE, actualizando materiais de uso habitual dentro do servizo de asesoramento.
- Deseño e creación de píldoras formativas
- Creación de bases de datos para a recollida e a difusión de información
- Elaboración e adaptación de contidos e mantemento de espazos web e redes sociais da MAIV, dentro dos contidos abordados por esta especialidade.
- Deseño, posta en marcha e dinamización de proxectos de desenvolvemento local e de apoio ao tecido empresarial local (comercio local, microempresas).

No período correspondente aos dous meses e medio do exercicio 2024, o proxecto centrouse en gran medida na formación teórico-práctica necesaria para avanzar posteriormente na obra prevista. Non obstante, xa se iniciaron na obra cos seguintes traballos:

Os traballos iniciados no ano 2024 recollense na Memoria xustificativa do custo do rendemento dos servizos públicos no ano 2024 que acompaña a presente Conta Xeral do ano 2024.

Proxecto de “Apoio ás Labores administrativas da MAIV”

Contratación de persoal administrativo para a realización da obra "Apoio as Labores Administrativas da MAIV" ao abeiro da orde anual para o ano 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que regulan as subvencións para a contratación de persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social e perceptoras da RISGA.

Durante o ano 2024 rematouse o proxecto iniciado no ano 2023, a través do que se contratara unha persoa coa categoría de administrativo dende o 26 de maio de 2023. Como se apuntaba anteriormente, este foi subvencionado pola orde do ano 2023 pero tivo continuidade ata o 25 de febreiro de 2024.

Con este proxecto, a persoa contratada tivo a posibilidade de actualizarse ao reincorporarse ao mercado laboral dende unha situación desfavorable, desenvolvendo servizos de apoio as labores administrativas e de atención aos administrados dentro das oficinas da MAIV, realizando coas seguintes tarefas:

As tarefas realizadas no ano 2024 recollense na Memoria xustificativa do custo do rendemento dos servizos públicos no ano 2024 que acompaña a presente Conta Xeral do ano 2024.

A través dun proceso de formación continua e permanente, a persoa contratada adquiriu destrezas e novos coñecementos teóricos especializados na xestión administrativa e outros procesos, que, a pesares de estar centrados na administración pública, poderán ser trasladados ao ámbito da empresa privada. Tamén actualizou as habilidades necesarias para o correcto manexo das tecnoloxías da información e as ferramentas ofimáticas.

1.4) Descrición das principais fontes de ingresos, e no seu caso taxas e prezos públicos percibidos

A principal fonte de financiamento da Mancomunidad de Vigo procede das achegas ordinarias de cada un dos oito concellos integrantes da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo), xa sexa polo financiamento dos gastos ordinarios de funcionamento, como polas súas achegas para o financiamento dos seguros e tributos do parque de maquinaria da MAIV.

Para o cálculo das achegas ordinarias do ano 2024 utilizouse o módulo de 0,60 € de achega por cada habitante do correspondente concello (achega actual trala aprobación na sesión plenaria do 7 de maio de 2018 do novo módulo por habitante); módulo que se aplicou ao censo de poboación aprobado polo Real Decreto 1085/2023, de 5 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2023 con efectos dende o 31 de decembro de 2023.

En total as achegas ordinarias procedentes dos concellos integrantes da Mancomunidad de Vigo para o ano 2024 sumaban un total de **224.623,20** euros, co seguinte desglose:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 10 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Concello	Achegas ordinarias 2024
Fornelos de Montes	988,20 €
Gondomar	9.025,80 €
Mos	9.045,60 €
Pazos de Borbén	1.795,80 €
Redondela	17.362,20 €
Salceda de Caselas	5.652,60 €
Soutomaior	4.561,80 €
Vigo	176.191,20 €
TOTAL	224.623,20 €

En menor contía que os anteriores, á MAIV finánciase coas achegas dos concellos mancomunados para o pagamento do seguro e tributos do parque de maquinaria da Mancomunidad, estimárodose en 4.635,60 euros e de 1.095,28 euros respectivamente, en virtude do convenio de cesión asinado entre a Mancomunidad e os concellos beneficiarios. A cifra do pagamento do seguro estímase a partires do custo da mesma no último exercicio, e a contía dos tributos estímase a partires das cifras que prevé a Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do Concello de Vigo.

O desglose dos importes das achegas por estes conceptos para o 2024 é o seguinte:

Achegas Parque de Maquinaria da MAIV 2024		
Concello	SEGUROS	TRIBUTOS
Fornelos de Montes	489,03 €	110,64 €
Gondomar	1.293,64 €	272,59 €
Pazos de Borben	489,03 €	110,64 €
Redondela	989,05 €	253,49 €
Salceda de Caselas	885,82 €	237,28 €
Soutomaior	489,03 €	110,64 €
Total	4.635,60 €	1.095,28 €

A modo de conclusión, o total de ingresos orzamentarios previstos para o exercicio económico de 2024 resúmese no seguinte esquema:

Resumo ingresos estimados 2024	Importe	%
Achegas ordinarias dos Concellos integrantes da MAIV	224.623,20 €	97,51%
Achegas por primas de seguros do Parque de Maquinaria	4.635,20 €	2,01%
Achegas por tributos do Parque de Maquinaria	1.095,28 €	0,48%
Total	230.353,68 €	

Outra fonte de financiamento no ano 2024, deriva das distintas subvencións finalistas concedidas pola Xunta de Galicia.

Ao peche o exercicio o orzamento de ingresos da Mancomunidad no exercicio 2024 reflicta o importe de 535.581,94 euros a nivel de dereitos recoñecidos netos (dos que 305.227,86 corresponden a créditos xerados polas diversas subvencións recibidas), e de 196.119,96 euros a nivel recadación neta do exercicio corrente.



1.5) Consideración fiscal da entidade

A Entidade non está acollida a ningún tipo de prorrata polo IVE, todo o imposto que soporta ten carácter de gasto non deducible. Así mesmo, non está suxeita ao Imposto sobre sociedades.

1.6) Estrutura organizativa básica nos seus niveis político e administrativo

A MAIV é una entidade local supramunicipal, con personalidade xurídica propia, sen mais limitacións que as previstas na normativa vixente e consoante coa súa natureza de Entidade Local e as normas contidas nos seus Estatutos, e que non depende doutras entidades.

A Mancomunidad de la Área Intermunicipal de Vigo estrutúrase arredor de diversos órganos de goberno:

Pleno da Mancomunidad: Órgano superior, integrado polos alcaldes ou alcaidesas dos concellos mancomunados e outros concelleiros/as municipais nomeados de acordo con criterios de representatividade e pluralidade política. Actualmente o pleno está integrado por 38 membros dos oito concellos mancomunados.

Xunta de goberno: Composta por todos os alcaldes/as dos concellos membros ou polos concelleiros/as nos que estes deleguen, sempre que teñan a condición de representantes no Pleno da Mancomunidad.

Presidencia: A persoa que ostenta a presidencia é o representante da entidade. A presidencia é asumida de forma permanente polo alcalde do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez.

Por Decreto de Delegación de datas 12 de agosto de 2019 e de 21 de xullo de 2023 tralas eleccións municipais de maio, o Presidente delega na concelleira Dña. Patricia Rodríguez Calviño todas as atribucións e funcións da Presidencia susceptibles de delegación.

Vicepresidencias: Os estatutos prevén tres vicepresidencias rotatorias que ocuparían temporalmente os distintos alcaldes/as dos municipios, de acordo a tres áreas xeográficas diferenciadas (área Louro-Condado, área Val Miñor e área Redondela-Norte), que teñen como función principal apoiar á presidencia na defensa dos intereses das súas áreas respectivas e detectar necesidades concretas dos territorios aos que se lles asigna. Desde fai anos non son operativas.

Así mesmo, a estrutura administrativa e de xestión contempla as seguintes figuras:

Secretaría, Intervención e Tesourería da Mancomunidad de Vigo: Funcións desenvolvidas por persoal funcionario con habilitación de carácter nacional.

Xerencia: Asume a xefatura dos servizos administrativos da Mancomunidad, sen prexuízo das funcións que desenvolvan os funcionarios con habilitación de carácter nacional, asumindo ademais aquelas atribucións que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno. O posto de xerente encóntrase vacante dende o 13 de xuño de 2015, ao non ser nomeado tralas eleccións municipais do ano 2015.


Direccións de Servizo: Os directores de servizo sitúanse ao fronte dos distintos servizos ou proxectos xestionados de forma continuada ou temporal por parte da Mancomunidad. Así, podemos facer referencia aos servizos administrativo-financeiros (vacante dende o 1 de marzo de 2014), á dirección de programas e proxectos (vacante dende fai anos) e ao servizo de promoción económica (na actualidade, o único existente e que asume, en boa parte a dirección administrativa). A estes, poden engadírselle outros como os servizos temporais adscritos a determinados proxectos que se poidan desenvolver.

Os servizos da Mancomunidad de Vigo son atendidos, no ano 2024, por persoal técnico con carácter laboral fixo e laboral indefinido, adscritos aos diferentes departamentos ou proxectos que se desenvolven.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 12 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Organigrama:



1.7) N° medio de empregados no exercicio

A estrutura organizativa para o ano 2024 no que se refire aos Servizos Centrais da MAIV, está formado por persoal de dous clases: laboral fixo e laboral indefinido non fixo. A MAIV non conta co persoal funcionario nin co persoal eventual.

- Persoal laboral fixo: un/unha administrativo e un/unha técnico responsable do servizo de promoción económica e empresarial (SAE).
- Persoal laboral indefinido non fixo: un técnico contratado como “Axente de emprego e desenvolvemento local”. O derradeiro contrato asinado co citado técnico formalizouse o 29 de decembro de 2014, sendo un contrato temporal “por obra e servizo” ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar (Orde de 9 de xullo de 2014). O 20 de xaneiro de 2016 mediante decreto da MAIV, acórdase a transformación en indefinido non fixo do citado contrato temporal.

Esta praza transformouse o 30 de decembro de 2024 en persoal laboral fixo, a través dun proceso de estabilización derivada da aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Ademais deste persoal que pertence aos Servizos Centrais da Mancomunidad, durante o ano 2024 para os diferentes proxectos estiveron contratados pola Mancomunidad como persoal laboral temporal:

- **21 traballadores** con contrato de duración determinada, contratados para o proxecto denominado “Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2023”, coas seguintes funcións /postos de traballo e nos seguintes períodos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 13 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 1 Director do Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2023 :
Unha persoa a xornada completa, como director do proxecto, dende o 1 de xaneiro ata o 1 de outubro de 2024.
- 3 Expertos-docentes dos certificados de profesionalidade do Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2023:
Unha persoa contratada como experto-docente da especialidade de “deseño gráfico e produtos multimedia” e outra persoa, contratada como experta-docente da especialidade de “creación de empresas medioambientales e turísticas”, ámbalas dúas dende o dende o 1 de xaneiro ata o 1 de outubro de 2024.

Ademais contratouse unha experta-docente en medio ambiente, para impartir os contidos do certificado de profesionalidade de “Interpretación e educación ambiental” dentro da especialidade de “creación de empresas medioambientales e turísticas”. Esta traballadora estivo contratada dende o 9 de maio ata o 30 de setembro de 2024, cun contrato a xornada parcial do 40%

○ 1 Administrativa/o do Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2023:
Unha persoa contratada como administrativa a media xornada desde o dende o 1 de xaneiro ata o 1 de outubro de 2024.

16 Alumnos traballadores do Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2023:

16 persoas contratadas inicialmente a xornada completa con contratos de formación en alternancia, cunha duración dun ano e con data de finalización de 1 de outubro de 2024.
- **20 traballadores** con contrato de duración determinada, contratados para o proxecto denominado “Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2024”, coas seguintes funcións /postos de traballo e nos seguintes períodos:
 - Director do “Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2024” :
Unha persoa a xornada completa, como director do proxecto, dende o 15 de outubro ata o 31 de decembro de 2024.
 - 2 Expertos-docentes dos certificados de profesionalidade do “Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2024”:
Unha persoa contratada como experto-docente do certificado de “deseño gráfico e produtos multimedia” e outra persoa, contratada como experta-docente da especialidade de “creación de empresas medioambientales e turísticas”, ámbalas dúas dende o 15 de outubro ata o 31 de decembro de 2024.
 - 1 Administrativa/o do “Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2024”:
Unha persoa contratada como administrativa a media xornada desde o 15 de outubro ata o 31 de decembro de 2024 (a duración do contrato é dun ano).
 - 16 Alumnos traballadores do “Programa de Emprego MAIV Garantía Xuvenil 2024”:
16 persoas contratadas inicialmente a xornada completa con contratos de formación en alternancia, cuxo contrato ten unha duración dun ano e con data de inicio o 15 de outubro de 2025.
- **1 administrativa**, contratada a través do proxecto de “**Apoio ás Labores administrativas da MAIV**”- **RISGA 2023**
Unha persoa ao 75% da xornada ata o 25 de febreiro de 2024..



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 14 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1.8) Identificación, no seu caso, da entidade ou entidades propietarias e porcentaxe de participación

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo é a Entidade Propietaria, sendo a súa identificación o CIF P3605704I

1.9) Entidades do grupo

A MAIV non ten ningunha entidade dependente, nin participa en ningunha entidade pública.

Fundacións e institucións sen ánimo de lucro nas que a Entidade forma Parte do Padroado.

- **Fundación Provigo e a súa Área** (G36745396): creada o 28 de maio de 1992. O seu obxecto social é de tipo investigador e técnico, tanto sobre a cidade como do seu entorno, para a promoción e revitalización do seu ámbito. A achega económica da MAIV á fundación no ano 2024 ascendeu a 15.025,00 euros.
- **Instituto Feiral de Vigo** (IFEVI, G36845852): Fundación creada en 1998 para dar servizo aos sectores profesionais e sociais da Eurorexión atlántica (Vigo - Norte de Portugal). Durante o exercicio 2024, non se realizaron achegas a esta entidade.
- **Asociación Grupo de desenvolvemento Rural MAIV-Baixo Miño** (G36889780), institución sen ánimo de lucro constituída no 2008 para dar cobertura nas actuacións de carácter económico no mámbito do desenvolvemento rural). Durante o exercicio 2024, non se realizaron achegas a esta entidade.

2. - Xestión Indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.

2.1 Xestión indirecta:

Actualmente a MAIV non presta ningún servizo público en réxime de xestión indirecta..

2.2 Convenios

Actualmente a MAIV non ten asinado convenio ou outra formas de colaboración para a súa prestación.

2.3 Actividades conxuntas que no requiran a constitución dunha nova entidade e que non estean contempladas nas anteriores

Actualmente a MAIV non participa ningunha actividade conxunta que non requira a constitución dunha nova entidade e que non estean contemplada nas notas anteriores.

2.4 Outras formas de colaboración público-privadas

Actualmente a MAIV non participa ningunha outra forma de colaboración público-privada.

3. - Bases de presentación das contas.

3.1 Imaxe fiel

a) Requisitos de información

A información que se reflicte na Conta Xeral e demais estados contables, está suxeita aos principios contables públicos. Os principios contables non interfieren no obxectivo de imaxe fiel.

As bases de presentación informan sobre os principios contables públicos aplicados, así como aqueles que por razóns xustificadas non se aplicasen, incidencia nas contas anuais que puidesen terse feito, e a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 15 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

explicación das causas que puidesen impedir a comparación homoxénea das contas e estados contables.

b) Principios, criterios contables aplicados

Hai determinados principios do PGCPAL do ano 2004, que pasan a ser tratados no PGCPAL do ano 2013 no marco conceptual: Entidade contable, Rexistro, Correlación de ingresos e gastos e prezo de adquisición. Os principios contables que contén o PGCPAL do ano 2013 son os que se relacionan a continuación:

Principio de entidade contable: Constitúe entidade contable de forma exclusiva a Entidade territorial, Mancomunidade do Area Intermunicipal de Vigo

Principio de xestión continuada: A xestión económico-financeira da MAIV presuponse indefinida. Non se alterou no transcurso de exercicio ningún principio, polo tanto, non require xustificación algunha por manterse a uniformidade.

Principio de devengo: A imputación temporal de ingresos e gastos faise en función da corrente de bens e servizos que os mesmos representan, non no momento en que se produce a corrente monetaria.

Principio de uniformidade: Adoptado un criterio contable dos previstos, deberá manterse, salvo causas que xustifiquen un cambio. No transcurso do ano 2024, non houbo cambios de criterios adoptados con anterioridade.

Principio de prudencia: Este é un dos principios aplicados con maior rigor: os ingresos contabilízanse cando realmente se producen, atendendo aos actos dos órganos competentes que os motivaron. Os gastos contabilízanse non só cando efectivamente prodúcense, senón cando existe risco previsible. Tendo en conta o anterior, dotáronse as amortizacións no inmovilizado material por un importe de 159,60 euros e rexistráronse todos os soportes documentais que tiveron a súa entrada no rexistro de contabilidade ata o 31 de decembro que tiñan incidencia nos estados e contas anuais. En consecuencia co anterior, os estados e contas anuais recollen absolutamente todos os feitos contables coñecidos que aconteceron no exercicio, representando os citados estados a imaxe fiel da situación económico-patrimonial e financeira da Entidade Local.

Principio de non compensación. Naqueles supostos nos que a Entidade atopouse con supostos de compensación entre ingresos e gastos, rexistrou dúas operacións, unha con cargo ao orzamento de gastos e outra no estado de ingresos, dando lugar en cada caso a un pago e ingreso virtual (formalización), sendo este, xuntamente co principio de prudencia, o de devengo e o de prezo de adquisición os que máis se vixía o seu cumprimento.

Principio de importancia relativa: Do mesmo xeito que no caso de principio de uniformidade, tanto no rexistro como na aplicación dos feitos contables que se produciron ao longo do exercicio non se fixo uso deste principio, e naqueles casos nos que puidese existir algunha dúbida sobre a consideración dalgún pequeno gasto en canto á súa cualificación como de investimento ou de gasto corrente, acudiuse aos criterios de vida útil do citado ben.

Principio de imputación orzamentaria. Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica, e no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir. As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos en xeral impútanse ao orzamento do exercicio, coas excepcións establecidas no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

Principio de desafectación. Con carácter xeral, os ingresos non teñen carácter de afectados, é dicir, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos. Naqueles supostos que os ingresos tivesen a consideración de afectados, realízase un control separado dos mesmos o través dos proxectos de gastos e ingresos, analizando en cada caso a desviación de financiamento, se a houbese, aos efectos do cálculo do Resultado Orzamentario e do Remanente de Tesourería.

c) Principios contables non aplicados por interferir no obxectivo da imaxe fiel:

Aplicáronse todos os principios contables



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 16 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos: Ningún.

3.2 Comparación da información

3.2.a Explicación das causas que impiden a comparación das contas anuais coas do exercicio precedente

A información é comparable, non hai cambios en relación co ano precedente.

3.2.b) Explicación da adaptación de contías do exercicio precedente.

Non existe adaptación algunha en relación con exercicio precedente, coas excepcións legais xa comentadas.

3.3 Razóns e incidencia nas contas anuais dos cambios de criterio na contabilización

Non houbo nos criterios de contabilización, polo tanto, non houbo incidencia nas contas anuais.

3.4 Información sobre os cambios en estimacións contables

Non hai información sobre o apartado, no hai cambios significativos.

4. - Normas de recoñecemento e valoración

Teñen como finalidade indicar os criterios tidos en conta no rexistro dos feitos contables, referidos ao inmovilizado, amortizacións, previsións, investimentos financeiros, dereitos e obrigas tanto orzamentarias como non orzamentarias.

4.1 Inmovilizado Material.

O criterio aplicado é o de custo de adquisición ou de produción, incluíndo, no seu caso, o custo aqueles gastos que deben ser activados como é o caso da redacción do proxecto, dirección de obra, estudos e gastos de explanación, derruba se fose o caso e demais gastos ata a conclusión da obra ou proxecto concreto. Non se activan os gastos financeiros que se devenguen ata a finalización da obra ou posta en funcionamento do proxecto ou elemento no caso de que o investimento estea financiado con recursos obtidos no mercado de capitais.

Aplícase un criterio de amortización lineal tendo en conta a vida útil do ben.

O modelo de valoración posterior é o de custo. Cando se acometen investimentos de mellora activables, a valoración é a de custo.

4.2 Patrimonio Municipal do Solo

Non existe na entidade, e de existir aplicárase o criterio do plan xeral: prezo adquisición mais investimentos de mellora, o que supón o modelo de custo

4.3 Inwestimentos inmobiliarios

Non hai ningún ben que teña a clasificación de investimento inmobiliario distinto das inmovilizacións materiais. De existir o criterio a aplicar é o fixado no plan xeral: prezo adquisición mais investimentos de mellora, o que supón o modelo de custo.

4.4 Inmovilizado inmaterial.

O criterio a aplicar é o fixado no plan xeral: prezo adquisición mais investimentos de mellora, o que supón o modelo de custo.

4.5 Arrendamentos financeiros

Non existe operación algunha nesta rúbrica no exercicio que se informa. De existir o criterio a aplicar é o fixado no plan xeral: prezo adquisición mais investimentos de mellora, o que supón o modelo de custo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 17 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.6 Permutas

O procedemento de valoración, no seu caso, é o previsto no PGCAL, valor razoable para o ben recibido e o ben entregado polo valor contable, as diferenzas entre valor razoable teñen o tratamento de subvencións. No exercicio que se informa non hai permuta de bens.

4.7 Activos e Pasivos financeiros.

En canto aos activos financeiros, indicar que a MAIV é titular de oito accións sen cotización oficial do Club Financiero de Vigo, S.A (numeradas do 761 a 768) cuxo derradeiro valor teórico comunicado polo Club é de 745,927 euros/acción, o que fai un total valor contable de 5.967,42 euros.

A mesma debe cualificarse como investimentos en activos financeiros dispoñibles para a súa venda. A súa valoración, é a valor razoable, valor inicial, mantendo o mesmo valor dende a súa adquisición. Dada a súa importancia relativa, non se fan correccións valorativas.

A MAIV non ten pasivos financeiros.

4.8 Coberturas Contables

Non hai instrumentos de coberturas contables..

4.9 Existencias.

Non existe operación algunha nesta rúbrica no exercicio que se informa. De existir o criterio a aplicar é o fixado no plan xeral: prezo adquisición mais investimentos de mellora, o que supón o modelo de custo.

4.10 Activos construídos ou adquiridos para outras entidades.

Non hai activos construídos ou adquiridos para outras entidades.

4.11 Transaccións en moeda estranxeira

Non hai transaccións deste tipo.

4.12 Ingresos e gastos

Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigas orzamentarias. Os dereitos valóranse polo importe determinado no acto de liquidación que os xere, tanto os que procedan de ingresos sen contraprestación directa, como os que sexan consecuencia de contraprestación de servizos, aproveitamento do dominio público ou realización de actividades. Os que proceden da venda de bens, rexístranse polo prezo acordado. As obrigas orzamentarias figuran polo importe a satisfacer.

Compras e outros gastos. A valoración de bens susceptibles de almacenamento e demais gastos, valóranse polo prezo de adquisición máis os transportes, é dicir, o prezo pagado ao subministrador dos mesmos. Ademais dos anteriores, naqueles casos, nos que o Imposto Sobre o Valor Engadido é un gasto soportado non deducible, o imposto compútase como un gasto, formando parte do prezo de adquisición do ben.

Vendas e outros ingresos. Valóranse polo importe dos dereitos de cobro xurdidos como consecuencia do acto de liquidación correspondente. As transferencias e subvencións, tanto correntes como de capital, valóranse pola cantidade concedida ou convenio subscrito.

4.13 Provisións e continxencias.

Non se fai dotación para responsabilidades nin continxencias, nin provisiones de partidas a cobrar por dereitos liquidados.

4.14 Transferencias e subvencións.

Valóranse pola contía recibida.

Recoñécense cando non hai dúbidas da súa percepción. Se ao remate do ano hai diferenzas entre a contía recoñecida e as obrigas recoñecidas en relación co cumprimento das condicións para o seu goce, faise un axuste á baixa do Dereito recoñecido.

As transferencias e subvencións para o financiamento de gasto, aplícanse ao exercicio no que se



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/07/2025 13:39

Páxina 18 de 31

512-14

CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

devenga o mesmo, polo tanto, xeran efectos sobre o resultado económico -patrimonial.

As recibidas para o financiamento ou cofinanciamento de activos, tan só se imputan a resultados do ano, aquela parte da mesma que se relacione con gasto, é dicir, se a mesma financia un activo amortizable, pola contía da amortización do ano. Rexístrase o activo con abono ao grupo 9, que se carga contra o subgrupo 13 ao peche do exercicio, imputándose cada ano ao resultado económico patrimonial a parte que corresponda segundo os criterios de imputación

4.15 Actividades conxuntas

No procede facer consolidación algunha.

4.16 Activos en estado de venta.

Non hai ningún activo que teña esta cualificación no Balance

5. Inmovilizado material.

O primeiro inventario elaborado na MAIV, foi elaborado a finais do ano 2016 pola empresa consultora contratada ao efecto pola MAIV (Servicios de Colaboración Integral, SL), estando referidos os datos a data 26 de decembro de 2016. Desde enton apenas sufriu variacións. Ao peche do exercicio 2016, tras a elaboración do citado inventario procedeuse á regularización contable dos saldos do inmovilizado.

5.1. Modelo de custo

O estado contable TGEM_307 reflicte a información relativa ao saldo inicial do subgrupo 21 do PGCPAL e as amortizacións realizadas no exercicio.

No presente exercicio 2024 solo hai outro movemento que o o correspondente á contabilización do axuste resultante da corrección valorativa imputable ao exercicio.

Cta	Descrición	Saldo inicial ¹	Aumentos	Saídas ou baixas	Correccións valorativas polo deterioro	Saldo final
214	Maquinaria	87.533,86	0,00	0,00		87.533,86
216	Mobiliario	17.575,00	0,00	0,00		17.575,00
217	Equipos procesos de información	7.453,60	0,00	0,00	159,60	7.294,00
		112.402,86	0,00	0,00	159,60	112.243,26

No ano 2024 a provisión do inmovilizado contabilizada ascendeu a 159,60 euros, que imputouse aos activos da conta 217 (Equipos procesos de información).

5.2. - Modelo de revalorización

Non existe inmovilizado material nin circunstancias de mercado que xustifiquen a utilización deste modelo.

6. - Patrimonio Público do Solo

Na MAIV non existe patrimonio destinado ao uso xeral

7. - Investimentos inmobiliarios

Non existe ningún inmovilizado cualificado como tal.

Ao non existir bens con esta cualificación, tampouco está adoptado criterio algún sobre o modelo de custo

¹ O saldo inicial recolle o importe das contas neto da cifra de amortización acumulada.



ou de revalorización. No entanto, calquera que sexa o tipo de inmovible e o seu destino ou uso, o criterio aplicable é do modelo de custe

8. - Inmovilizado intanxible.

Non existe ningún inmovilizado cualificado como tal no exercicio 2024.

9. - Arrendamentos financeiros

No hai contratos deste tipo.

10. - Activos financeiros

a) Información relacionada co balance

O saldo existente no inmovilizado financeiro permanente (conta 260-*"inversión financeiras a longo prazo"*) corresponde a oito accións sen cotización oficial (nº 761 a 768) do Club Financiero de Vigo, S.A., por un valor contable de 5.967,42 euros.

A súa contabilización consta dende o ano 1999, se ben enton o seu importe ascendía a 15.704,45 euros correspondende a suscripción dunha única acción (a acción co número nº 10.096), que tras unha posterior ampliación de capital foi canxeada polas oito accións actuais xa citadas. Toda vez que en abril do 2016 a citada entidade informou á MAIV de que o valor teórico contable de cada acción era 745,927 euros/ acción, contabilzouse nesa data o oportuno axuste á baixa nos eu valor, por importe de 9.737,03 euros.

No exercicio 2024 procedeuse ña regularización contable corresponde á fianza de dous meses aboada no exercicio 2002 polo aluguer do local ocupado no seu momento polo proxecto "UPD", contabilizada na conta 565 -*"Fianzas constituídas a curto prazo"* por importe de 2.258,84 euros. Polo que ao peche do exercicio o seu saldo é cero.

b) Información relacionada coa conta do resultado económico-patrimonial

No hai.

c) Información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de interese

Non hai riscos destes tipos.

d) Outra información

No hai.

11. - Pasivos financeiros

11.1. - Situación e movementos das débedas

A MAIV non ten pasivos financeiros.

11.2. - Liñas de crédito

Non existe ningunha liña de crédito, nin operación de tesourería, nin endebedamento a curto prazo.

11.3. - Información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de interés

Toda vez que non existe débeda algunha, non existe risco.

11.4. - Avals e garantías concedidas

Non se concederon avals nin garantías durante o ano.

11.5. - Outra información

Non hai información salientable algunha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 20 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

12. -Coberturas contables

Con carácter xeral, os instrumentos que se poden designar como instrumentos de cobertura son os derivados cuxo valor razoable ou fluxos de efectivo futuros compensen as variacións no valor razoable ou nos fluxos de efectivo futuros de partidas que cumpran os requisitos para ser cualificadas como partidas cuberta. Non existe ningún contrato de cobertura contable, por non existir débedas bancarias nin de outro tipo.

13. - Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias

Durante o exercicio a conta 370 "Activos construídos ou adquiridos para outras entidades" non tivo movementos, tampouco houbo acordos ou convenios con outras administracións con esta finalidade.

14. -Moeda estranxeira

Non houbo transaccións en moeda estranxeira, polo tanto, non hai diferenzas de cambio. Tampouco hai débeda concertada en outra moeda que non sexa o euro. Non existen transaccións vivas ou pendentes en moeda distinta do euro. Tampouco hai nas contas abertas que mantén a Entidade nas entidades financeiras, depósitos en moeda distinta do euro.

15. -Transferencias, Subvencións recibidas

15.1. - Recibidas

En relación ás transferencias e subvencións recibidas (DRs netos) no ano 2024, o seu importe total ascende a 535.581,94 euros (TGEM_0333)

Desta cifra, 305.227,86 euros corresponden a deretios comprometidos polas subvencións outorgadas pola Xunta de Galicia para a execución de diversos proxectos:

Proxecto subvencionado	Importe euros
Programa de emprego "MAIV garantía xuvenil 2023"	199.353,86
Programa de emprego "MAIV garantía xuvenil 2024"	93.502,18
Contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL).	12.371,82
	305.227,86

Os restantes 230.354,08 euros correspónden as achegas ordinarias dos concellos mancomunados.
Non se recibiron subvencións de capital.

15.2. - Concedidas

No ano 2024 a MAIV concedeu subvención algunha, con excepción da achega ordinaria anual da MAIV á Fundación Provigo e a súa Area (G36745396), como membro do seu padroado, por importe de 15.025,00 euros. (TGEM_0279)

16. - Provisións e continxencias

Non hai dotación para responsabilidades nin continxencias.

Toda vez que a MAIV ten prorrogado o orzamento dende fai anos, aínda non dotouse non orzamentariamente no capítulo V do estado de gastos o Fondo de Continxencia. Calquera eventualidade das que se poden considerar de xestión ordinaria, tería aplicación no superávit anual, non suporía alteración no cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria nin de regra de gasto.

En consecuencia, non existen procesos que en aplicación do principio de prudencia, aconsellen a dotación de provisións para tal finalidade, non supoñendo alteración na conta de resultado económico patrimonial nin na imaxe fiel dos estados contables.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 21 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

17. - Información sobre o medio ambiente

Non existen obrigacións recoñecidas no exercicio 2024 con cargo aos programas da .política de gasto 17, medio ambiente.

18. -Activos en estado de venta

Non hai ningún activo que teña esta cualificación no Balance.

19. -Información da conta do resultado económico-patrimonial por actividades.

Os gastos orzamentarios da conta, están conformados polas obrigas correspondentes aos capítulos 1, 2, 3, 4 e 7. Por outra banda, os gastos non orzamentarios están conformados pola dotación ás amortizacións e outros gastos extraordinarios.

En canto aos ingresos da conta, están conformados polos ingresos orzamentarios correspondentes aos dereitos recoñecidos netos dos capítulos 1 ao 7, facendo unha separación entre ingresos de xestión ordinaria, ingresos financeiros e outros ingresos.

No exercicio 2024 o gasto orzamentario imputable é por unha contía de 608.933,86 euros e o non orzamentario por 159,60 euros (pola provisión polo deterioro do inmovilizado material), cun total de gasto de 609.093,46 euros, o que supón un incremento na execución de 42.223,86 euros (toda vez que no ano 2023 o gasto total ascendeu a 566.869,60 euros).

O estado TGEM_0318 fai unha diferenciación entre ingresos de xestión ordinaria, os financeiros e outros ingresos, totalizando os mesmos 535.581,94 euros no ano 2024.

A xestión da Mancomunidade no exercicio 2024 ten lugar a través do programa 9200 "Administración xeral" e do programa 2410 "Fomento e promoción do emprego"

A estrutura do estado da cumprimento ao previsto na Orde HAP/1781/2013 e o seu resultado é coincidente co estado global da Conta do Resultado Económico-Patrimonial.

20. -Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos

Non existen na Mancomunidade.

21. - Operacións non orzamentarias de tesourería

Estes estados reflicten a información relativa aos debedores, e acredores non orzamentarios, partidas pendentes de aplicación de pagamentos e cobros, poñendo de manifesto a situación ao comezo do exercicio, as modificacións, os cargos e abonos e o saldo pendente ao peche do ano.

Debedores non orzamentarios.- Non hai variacións neste estado. (TGEM_0328)

Neste estado reflíctese como saldo inicial o importe de 2.258,84 euros, correspondente a unha fianza de dous meses aboada no exercicio 2002 polo aluguer do local ocupado no seu momento polo proxecto "UPD", contabilizada como "Fianzas a corto prazo". Esta situación foi regularizada cancelándose a fianza no exercicio 2024, polo que o saldo final do exercicio 2024 é cero.

Acredores non orzamentarios

Neste estado (TGEM_0329)) destácanse as débedas coa Facenda Pública e a Seguridade Social que liquídanse no mes de xaneiro do exercicio seguinte (salDOS das divisionarias da conta 47).

Partidas pendentes de aplicación:

- **Cobros pendentes de aplicación.-** Non hai movementos relevantes a comentar, non existindo ao peche de exercicio cobros pendentes de aplicación.
- **Pagamentos pendentes de aplicación.-**En canto ao pendente de aplicación de pagamentos, non hai saldo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 22 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

22. - Contratación administrativa

Na Mancomunidade no exercicio 2024 non se adjudicaron contratos por procedemento aberto, negociado ou restrinxido. Toda a contratación administrativa tivo lugar a través de contratos menores, toda vez que polo escaso volume económico dos mesmos é posible recorrer á mesma.

A este efectos remitímonos á relación de contratos da MAIV do exercicio 2024, enviada telemáticamente ao Tribunal de Contas o 20 de xaneiro de 2025 a través da plataforma *rendiciondecuentas.es*, co número de rexistro 2025-E-RC-350. Dita relación recolle un total 24 contratos menores cuxo gasto total aprobado (sen IVE) ascende a 41.795,49 euros

23. - Estado de valores recibidos en depósito

Non hai saldos nin movementos a comentar.

24. - Información orzamentaria

24.1- Exercicio corrente

24.1.1- Orzamento de gastos

- a) **Modificacións de crédito.-** A variación entre os estados iniciais e definitivos é cuantitativamente importante, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representan un 204,87 % con respecto aos créditos iniciais.

Tramitáronse un total de seis expedientes de xeración de créditos por un total de 470.195,81 euros (TGEM_0275), sendo os mesmos financiados:

Créditos Extraordinarios		Importe euros
Suplementos de Crédito		0
Ampliacións de Crédito		0
Transferencias	Positivas	0
	Negativas	0
Incorporacións de Remanentes		0
Xeracións de créditos		470.195,81
Baixas por anulación		0
Total		470.195,81

- b) **Remanentes de crédito.-** Conforme ao disposto no art. 98 do RD 500/1990 os remanentes de crédito están constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados o cumprimento de obrigacións recoñecidas.

Integrarán os remanentes de crédito os seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións, están determinados pola diferenza entre os gastos dispostos ou comprometidos e as obrigas recoñecidas.
- b) Os saldos de autorizacións, son a diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito, representan a suma dos créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de utilizar. Da información que conforma o estado de Liquidación, dedúcense as seguintes magnitudes:
- Saldo de retencións (1): 0,00 euros
 - Saldos de autorizacións (2): 0,00 euros
 - Saldos de disposicións (3): 5.900,49 euros
 - Saldos de crédito (4) 84.651,75 euros
 - Remanentes de crédito (1+2+3+4) = 90.771,88 euros



Para maior detalle pode consultarse o estado TGEM_ 0277, do que se deduce que a cifra de remanentes de crédito ao peche do exercicio, e o seu desglose por aplicacións orzamentarias.

24.1.2 - Orzamento de ingresos

a) Proceso de xestión

Dereitos anulados.- A súa situación e movementos quedan reflectidos no estado TGEM_0306. No presente exercicio non tivo movementos.

Dereitos cancelados.- Os dereitos cancelados quedan reflectidos no estado TGCM_0280. No presente exercicio non tivo movementos.

Recadación Neta.- A recadación bruta foi por unha contía de 196.119,64 euros. Toda vez que no ano 2024 non tramitáronse devolucións de ingresos, a recadación neta coincide coa bruta. A súa situación e movementos quedan reflectidos no estado TGEM_281

b) Devolucións de ingreso.

A devolución de ingresos quedan reflectidos no estado TGEM_0282. No presente exercicio 2024 non existen movementos.

c) Compromisos de ingresos

Non hai contía ningunha rexistrada.

24.2- Exercicios pechados

24.2.1.- Obrigas de orzamentos pechados.-

O estado TGEM_0284 reflicte a situación inicial, por unha contía de 6.533,16 euros, e fixéronse pagos por unha contía de 6.533,16 euros, sendo polo tanto o saldo final de cero euros. A totalidade dos pagamentos fixéronse no mes de xaneiro do 2024.

24.2.2- Dereitos a cobrar de orzamentos pechados.-

a) **Dereitos pendentes de cobro totais.-** Os movementos están reflectidos no estado TGEM_0287 no que se recolle a información en relación coas variacións dos dereitos a cobrar procedentes de orzamentos pechados, co detalle, por cada ano e concepto de ingreso, do saldo inicial, modificacións, anulacións, recadación e pendente ao final do ano, ascendendo ao peche do exercicio a contía total de dereitos a cobrar de orzamentos pechados a un total de 269.352,56 euros, que corresponden na súa totalidade a achegas dos concellos mancomunados.

b) **Dereitos anulados.-** Sen movementos no exercicio 2024

c) **Dereitos cancelados.-** Sen movementos no exercicio 2024

O desglose da información deste apartado recóllese nesta táboa, en función do ano de xeración:

EXERC	DRs Ptes a 01/01/2024	Dereitos anulados/ cancelados	Recadacion de exerc pechados	Ptes a 31/12/2024
2007	1.169,70		0,00	1.169,70
2008	10.452,27		0,00	10.452,27
2011	21.154,25		0,00	21.154,25
2012	22.228,77		0,00	22.228,77
2013	13.740,30		0,00	13.740,30
2014	13.830,30		0,00	13.830,30
2015	25.125,29		0,00	25.125,29
2016	15.967,39		0,00	15.967,39
2017	25.346,75		0,00	25.346,75
2018	17.691,30		0,00	17.691,30



2019	27.275,77		0,00	27.275,77
2020	19.410,42		0,00	19.410,42
2021	18.455,81		0,00	18.455,81
2022	34.922,14		16.236,74	18.685,40
2023	289.083,14	116,13	270.148,17	18.818,84
	555.853,60	0,00	286.384,91	269.352,56

24.2.3- Variación de resultados orzamentarios de exercicios anteriores.

O estado TGEM_0290 recolle como única variación a deriva da baixa do dereto recoñecido a prol da Xunta de Galicia, por importe de 116,13 euros, toda vez que, unha vez que a Xunta procedio no ano 2024 a liquidación do Obradoiro dual de emprego “MAIV DUAL 2022”, rematado e xustificado pola MAIV no ano 2023, axustou á baixa a xustificación presentada considerando como gastos non eleixibles o citado importe.

24.3- Exercicios posteriores

Os compromisos de gastos con cargo a orzamentos de exercicios posteriores, por importe de 10.556,40 euros, do estado TGCEM_0317 corresponden á anualidade do exercicio 2025 de dous contrato menores plurianual formalizados para a execución do proxecto “Maiv Garantía Xuvenil 2024”.

Non existen rexistros contables en relación aos compromisos de ingresos.

24.4- Execución de proxectos de gasto

Os proxectos que xeraron obrigas no exercicio son cinco:

- A contratación temporal dunha persoa en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA (proxecto 23241001). subvencionadas pola Xunta de Galicia, que iniciouse o 26 de maio de 2023 e rematará o 25 de febreiro de 2024.
- O programa de emprego Maiv garantía xuvenil 2023 (proxecto 23241002). Proxecto, subvencionado pola Xunta de Galicia que iniciouse o 2 de outubro de 2023 e que rematou o 1 de outubro de 2024.
- A contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local (proxecto 24920002), subvencionado parcialmente pola Xunta de Galicia (nun 33,96%) durante o periodo comprendido entre o 30 de decembro de 2023 ao 29 de decembro de 2024.
- O programa de emprego Maiv garantía xuvenil 2024 (proxecto 24241001). Proxecto, subvencionado pola Xunta de Galicia que iniciouse o 15 de outubro de 2024 e que rematará o 14 de outubro de 2025.

A contía das obrigas recoñecidas no ano 2024 impudas aos mesmos ascenderon a 468.633,14 euros, con desglosse recollido no estado TGEM _0278.

24.5- Gastos con financiamento afectado

En cumprimento do regulamentado na Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, Regras 24 e 27, o financiamento afectado ten que ser obxecto dun seguimento independente, de tal xeito que quede cuantificado o mesmo no proceso de execución dos proxectos, programas ou gastos que estean financiando.

As desviacións de financiamento afectan de forma directa ao Resultado Orzamentario e ao Remanente de Tesourería. No primeiro caso, afecta tanto de forma positiva como negativa. Si o axente financiador fai ingresos ou se Recoñecen os Dereitos por contía superior que o gasto obxecto de financiamento afectado, prodúcese unha desviación positiva no exercicio, polo que hai que facer axustes negativos no Resultado orzamentario. Pola contra, si os gastos teñen unha execución superior aos ingresos dos axentes financiadores ou que os Dereitos recoñecidos, hai unha desviación negativa no exercicio, polo que hai que facer un axuste positivo. Ademais, tamén hai que ter en conta as desviacións de exercicios anteriores (acumuladas), polo que, se no exercicio se producen recoñecemento de obrigas cuxos ingresos ou



dereitos xa se teñen recoñecidos ou ingresados en exercicios anteriores, tamén hai que facer un axuste positivo. En relación co Remanente de Tesourería, tan só se ten en conta a desviación acumulada positiva.

Desviacións de financiamento: O estado contable TGEM_0323 recolle ás desviacións de financiamento positivas e negativas, tanto as do exercicio, como as acumuladas ao 31 de decembro de 2024 que serán necesarias para calcular o Remanente de Tesourería dispoñible para o financiamento de Gastos Xerais:

Código	Descrición	Desviacións do exercicio		Desviacións acumuladas	
		Positivas	Negativas	Positivas	Negativas
22241003	Obradoiro dual de emprego "Maiv DUAL 2022"	0,00	116,13	0,00	0,00
23241001	RISGA Apoio labores administrativas-2023	0,00	2.264,09	0,00	0,00
23241002	Programa de emprego "Maiv garantía xuvenil 2023"	0,00	131.830,79	0,00	24.421,35
24241001	Programa de emprego "Maiv garantía xuvenil 2024"	0,00	4.084,91	0,00	4.084,91
24920002	Subvenc contratación técnico AEDL 2024	0,00	0,00		0,00
	Total	0,00	138.295,92	0,00	28.506,26

24.6- Remanente de Tesourería

A contía desta magnitude no exercicio 2024 foi de 1.998.457,82 euros.

O cálculo dos saldos de pendente de cobro, que se consideran de difícil ou imposible recadación non ten aplicación neste caso, xa que non concorren as circunstancias previstas no artigo 191 do TRLRFL. Así, existen saldos pendentes de cobramento de exercicios pechados por unha contía de 269.352,56 euros que se corresponden a achegas dos concellos mancomunados, en consecuencia non procede facer unha dotación para saldos de dubidoso cobro. Por outra banda, non existe un exceso de financiamento afectado, polo que non procede axuste alguno e polo tanto o importe do Remanente de Tesourería total coincide co importe do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais no citado importe.

A súa desagregación recóllese no estado contable TGEM_0291



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 26 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Compoñentes		Exercicio 2024		Exercicio 2023	
A) Fondos Líquidos na Tesourería ao remate do exercicio:			1.405.617,79		1.529.723,50
B) Debedores pendentes ingreso, ao peche do exercicio:			608.814,54		558.112,44
	* De orzamento corrente:	339.461,98		289.083,14	
	* De orzamento pechado:	269.352,56		266.770,46	
	* Doutras operacións non orzamentarias	0,00		2.258,84	
	Suma	608.814,54		558.112,44	
Total A + B.....			2.087.835,94		2.087.835,94
C) Acreedores pendentes de pagamento, ao peche do exercicio:					
	* De orzamento corrente:	6.653,50		6.533,16	
	* De orzamento pechado:	0,00		0,00	
	* Doutas operacións non orzamentarias	9.321,01		9.376,91	
Total C.....			15.974,51		15.910,07
REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (A+B-C)			1.998.457,82		2.071.925,87
	* Saldos de dudoso cobro	0,00		0,00	
	* Exceso de financiamento afectado	0,00		109.673,53	
REMANENTE DE TESOURERIA DISPOÑIBLE PARA A FINANCIACIÓN DE GASTOS XERAIS			1.998.457,82		1.962.252,34

24.7- Acreedores por operación devengadas

A nova conta 413 “Acreedores por operacións devengadas”, foi creada en virtude da modificación dos plans de contas locais aprobada pola Orde HAC/1364/2018, de 12 de decembro, e recolle a débedas derivadas de operacións devengadas non rexistradas noutras contas, polo que trátase dunha nova conta representativa de obrigas devengadas der carácter residual

A aplicación do principio do devengo para o rexistro das obrigas implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado en función da corrente de bens e servizos que os mesmos representan, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.

Este estado recolle os saldos das dos contas divisionarias, de uso opcional, conta 4130 “Acreedores por operacións aplicables a orzamento en periodos posteriores” e 4131 “Acreedores por operacións pendentes de aplicar a orzamento” polo gasto executado non aplicado ó orzamento.

Na MAIV non existe saldo contable algún nesta situación. (TGEM0448)

25. - Indicadores

Constitúen unha ferramenta para que o xestor público poida tomar decisións e para o control do que está sucedendo. Os indicadores non son un obxectivo en si mesmo, son instrumentos para avaliar e



comparar a xestión.

A IMNCL establece distintos tipos de indicadores: Financeiros e Patrimoniais, Orzamentarios de Orzamento Corrente e de pechados, así como os de xestión. Para facer unha análise de detalle, vaise amosar en determinados cadros os estados de execución de gastos e ingresos comparados, así como outros indicadores.

Os indicadores poden e deben ter un papel importante, para facilitar aos cidadáns o coñecemento da situación económico-financeira da entidade.

Móstranse un conxunto de indicadores que facilitan a interpretación da información contable da entidade.

Os indicadores que se propoñen permiten valorar, entre outros aspectos, o proceso de execución orzamentaria, o nivel de servizos prestados, e a súa capacidade de aforro, o esforzo inversor, as necesidades de financiamento, os equilibrios orzamentarios e a carga da débeda pública e o nivel de endebedamento.

Para a elaboración dos indicadores é preciso recoller á información contida nos Estados de Liquidación do Orzamento, no Balance, na Conta do Resultado, no estado do Remanente de Tesourería e na Memoria

(Ver estado contable TGEM_0303)

25.1.- Indicadores financeiros e patrimoniais

Este estado reflicte os indicadores de Liquidez inmediata, solvencia a curto o prazo, endebedamento financeiro e por habitante, Cash-flow, PMP e PMC.

En todos eles, as masas que son obxecto de avaliación, refírense a contas de balance, pasivo corrente e non corrente, activo corrente e non corrente, e computan os acredores orzamentarios e non orzamentarios.

En relación cos indicadores da Conta de Resultado Económico Patrimonial, desenvolve tantos os de xestión ordinaria de ingresos como os de gastos e o de cobertura de gastos correntes.

En resumo, está a reflectir todos os indicadores que relaciona no apartado 25 da memoria recollida na Orde HAP/1784/2013, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local..

25.2. - Indicadores orzamentarios

Están destinados a valorar os resultados da xestión orzamentaria efectuada, tratando de coñecer o grao en que as previsións definitivas de ingresos deron lugar á liquidación de dereitos, e os créditos definitivos produciron recoñecemento contable de obrigas; en ambos casos tanto para o orzamento do exercicio corrente como para os orzamentos pechados.

Os máis salientables en relación co orzamento de gastos son:

- os de execución de gastos e pagos, que enfrontan as obrigas recoñecidas netas cos créditos definitivos, e os pagos realizados coas obrigas recoñecidas netas
- o gasto por habitante, que enfronta as obrigas recoñecidas netas co número de habitantes
- o investimento por habitante, que enfronta as obrigas recoñecidas netas dos capítulos 6 e 7 co número de habitantes
- o e esforzo inversor., que enfronta as obrigas recoñecidas netas dos capítulos 6 e 7 coas obrigas recoñecidas netas totais.

En relación co estado de ingresos os mas salientables son:

- os de execución e o de cobros, que enfrontan os dereitos recoñecidos netos coas previsións definitivas, e os cobros realizados cos dereitos recoñecidos netos
- o de autonomía, que enfronta os dereitos recoñecidos netos dos capítulos I,II,,III, transferencias do IV, V, VI e VIII, co total de dereitos recoñecidos netos. A análise que fai a entidade de forma particular, é a de computar os mesmos capítulos pero non inclúe o capítulo IV.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2025 13:39	Páxina 28 de 31
512-14	CSV: A2AC8F-2FA7EF-89C1C2-S1ALWA-QBS7L2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- o de autonomía fiscal, que reflicte a relación entre os dereitos recoñecidos netos de natureza tributaria fronte ao total de dereitos recoñecidos netos
- o de superávit por habitante, que enfronta o resultado orzamentario co número de habitante

Variación das magnitudes máis relevantes

Indicador e variable	2024	2023	2022	2021	2020
Liquidez (Tesourería/ acredores orzamentarios e non orzamentarios)	87,99	96,15	94,08	98,40	99,27
Execución do estado de gastos (Obrigas R. netas/Créditos definitivos)	87,03%	79,12%	78,17%	81,89%	81,48%
Realización de pagamentos (Pagamentos netos/ obrigas R. netas)	98,91%	98,85%	98,44%	98,99%	98,44%
Período medio de pagamento (Promedio datos dos informes trimestrais de morosidade Lei 15/2010)	7,02	19,41	19,82	17,14	16,43
Período medio de pagamento económico (Promedio datos dos datos trimestrais RD 635/2014)	7,64	5,94	4,82	5,18	6,98
Execución do estado de ingresos (Dereitos R. netos/previsións definitivas), incluíndo financiamento con remanentes	76,54%	102,39%	86,26%	90,93%	94,15%
Realización de cobros (Recadación neta/dereitos R. netos)	36,62%	60,64%	92,09%	68,46%	50,49%
Realización de pagamentos de exercicios pechados (pagamentos realizados/Saldo inicial+modificacións)	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
Realización de recadación de pechados (cobros realizados/Saldo inicial+modificacións)	51,53%	3,30%	44,03%	48,65%	8,75%
Grado de dependencia (DR netos IV, VII, IX/Gasto total)	87,95%	129,41%	110,05%	111,05%	115,54%
Grado de cobertura (Dereitos R. Netos Correntes/Obrigas R. Netas correntes)	87,95%	129,59%	110,36%	111,05%	115,54%

Magnitude	Contía ou signo				
	2024	2023	2022	2021	2020
Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.998.457,82	1.962.252,34	1.901.558,78	1.841.046,79	1.782.505,47
Resultado orzamentario axustado	64.944,00	63.302,03	60.511,99	58.541,32	56.729,83
Aforro Neto axustado	-73.351,92	167.684,94	52.215,42	63.359,77	59.892,96
Estabilidade orzamentaria, capacidade de financiamento	38.253,10	166.886,34	52.215,42	63.359,77	59.892,96
Taxa de Variación do Gasto Computable	2,59%				
